



*Transferencias de Créditos 003T/2019*

*Expte. Cividas: 2019008155*

*TC-003T/2019*

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 01 de marzo (ref 049/2019), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda en data 04 de marzo, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería do Servizo de Extinción de Incendios e Protección Civil, mediante providencia asinada o 13 de febreiro.

Emitido informe desfavorable de fiscalización pola Intervención Xeral en data 20 de marzo de 2019 (ref 3T/19), "por mor de vulnerar o disposto nos artigos 40 e ss do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como o disposto no artigo 44 das bases de execución do orzamento no que atinxe a unha modificación dun proxecto de gasto".

Sendo que o proxecto de gasto 14-2-24-05 referido polo Sr. Interventor no seu informe, foi obxecto de modificación polo Decreto da Concelleira Delegada de Facenda nº 2017004637 de 06/07/2017, incrementando este proxecto específico de gasto en 18.755,00 € na parte financiada con fondos propios, respectando nese expediente o procedemento previsto no artigo 44 das bases de execución do orzamento referido polo Sr. Interventor.

Sendo así mesmo, que o mesmo proxecto de gasto 14-2-24-05 foi obxecto de nova modificación por Decreto de Alcaldía nº 2018006027 de 17/09/2018, incrementando novamente este proxecto específico de gasto en 17.200,00 € na parte financiada con fondos propios.

Sendo, polo tanto, que non se trata da modificación do proxecto específico de gasto 14-2-24-05, senón da necesidade de dotar crédito orzamentario suficiente para facer fronte á parte financiada con fondos propios dunha parte do proxecto específico de gasto 14-2-24-05.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 003-T/2019**, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, **nos seguintes termos:**

### **Área de gasto 1**

#### **A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
240.1350.22609	Gastos diversos Protección Civil	10.000,00 €



240.1360.21400	Rep., mant. e conserv. Elementos de transp. Ext. Incendios	10.000,00 €
240.1360.21900	Rep., mant. e conserv. outro inmob. Ext. Incendios	20.000,00 €
240.1360.62300	Inversión nova maq., inst. técnica e utillaxe Ext. Incendios	20.000,00 €
240.1360.62400	Elementos de transporte Ext. Incendios (prox. gasto 14-2-24-05)	17.500,00 €
240.1360.62500	Mobiliario Ext. Incendios	10.000,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>87.500,00 €</b>

## B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
230.1360.12101	Complemento específico Ext. Incendios. Ret. comp.	87.500,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>87.500,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

